

CELEBRAN HOXE O 173 ANIVERSARIO DA POETA COA LECTURA DUN MANIFESTO EN SEIS CIDADES DIFERENTES

Os escritores piden a creación do Instituto Rosalía de Castro

A Lei do Libro e a Lectura xa prevía un organismo dedicado á proxección exterior da cultura galega


REDACCIÓN

GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) celebra hoxe o Día de Rosalía, con motivo do 173 aniversario do seu nacemento en Santiago, coa lectura dun manifesto en seis cidades galegas. O texto, moi crítico cos "días escuros" que está a atravesar a lingua galega, demándalle á Xunta a creación do Instituto Rosalía de Castro "para que a cultura galega sexa posta en valor dentro e fóra de Galicia". A Lei do Libro e a Lectura, aprobada por unanimidade no Parlamento durante a pasada lexislatura, xa prevía a constitución dun organismo destas características.

O texto, unha loa á "poeta fundadora da literatura galega contemporánea", "primeira feminista da nosa historia" e "personalidade altísima das nosas letras", ten un marcado carácter reivindicativo. "Preguntámosenos", di, "se este frío imposible que se instala na nosa pel é o mesmo frío que ti sentiches ante 'os que teñen fama de honrados na vila', aqueles que, amparados hoxe no mandato estatutario que lles foi outorgado para promoveren a cultura galega



A lectura de Santiago será a carón da estatua de Rosalía de Castro no Paseo da Ferradura

TAMARA DE LA FUENTE

e a defenderen fronte ás agresións, o utilizan contra todo o que ti significas, minusvalorando a herdanza túa e todo o que de noso achán ao seu paso aqueles que 'non entenden non' o que somos e significamos".

Escrito en galego –"a mesmal lingua coa que ti renegaches da emigración que nos destruía", dílle á poeta compostelá–, o texto arremete contra a "estirpe" de inimigos da cultura galega e en galego. "Os que hoxe nos negan", explicita, "como a ti te negaron ao longo de tanto tempo, son da estirpe dos que te alcumaron

de chorona, mixiriqueira e trastornada por sombras de incerteza, dos que ocultaron o xenio do teu verso construíndoche unha imaxe distorsionada para afastarnos da exactitude das túas palabras, co único obxectivo de impediren que o teu verbo incendiase a nosa vontade".

Da lectura do manifesto encargaránse varios autores. Na Coruña (Monumento a Curros Enríquez, 18.00) serán Manuel Rivas, Xavier Seoane, Cesáreo Sánchez Iglesias, Mercedes Queixas e Luz Pozo. En Vigo (Rúa Real, 12, onde se imprentou

Cantares Gallegos, 19.00), farán Agustín Fernández Paz, Marta Dacosta, Álvarez Cáccamo e María do Carme Krukenberg). En Lugo (Rúa Nóreas, 18.00) encargaránse Isidro Novo e Antonio Reigosa. Por último, Antía Otero e Marilar Aleixandre protagonizarán o acto en Santiago (Paseo da Ferradura, 17.30), Rosa Méndez fará o propio en Ferrol (Praza do Himno Galego, 18.00) e Luís Rei Núñez acudirá á cita en Pontevedra (Estatua de Castelao, a carón do museo local, 18.00). ■